



PLAN DIGITAL

[CPR Plurilingüe San José de la Guía]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O presente plan dixital, a partir d'agora (PDC) corresponde ao CPR Plurilingüe San José de la Guía, con dirección na rúa Doutor Corbal 25, código postal 36207 no concello de Vigo, con correo electrónico cpr.sanjose.delaguia@edu.xunta.gal e enderezo web <https://sanjosedelaguia.com/> cunha liña nas etapas de educación infantil (54 alumnas e alumnos), educación primaria (143 alumnas e alumnos) , educación secundaria (91 alumnas e alumnos), formación profesional básica de informática e comunicacións (33 alumnas e alumnos) e ciclos de grao superior de integración social (53 alumnas e alumnos) e educación infantil (62 alumnos e alumnas). O claustro de profesores está formado por 33 profesores e 1 PAS.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O noso centro está situado no barrio de Teis na cidade de Vigo. É un dos barrios vigueses máis densamente poboados, cunha aglomeración urbana que resulta caótica e desordenada. Conviven vivendas unifamiliares, minúsculas explotacións agrarias, leiras e hortas, chalés e descampados. A rúa principal sofre un intenso tráfico. Conta con áreas naturais importantes: montes, praias, parques, etc.

A actividade económica predominante é o sector servizos (comercio fundamentalmente) e o sector industrial (destacando un estaleiro importante da cidade). Entre os servizos cabe destacar: varios centros de ensinanza tanto pública como concertada, centro cívico, centro social, asociación de veciños, mercado de abastos, piscina pública, centro de saúde, pavillón polideportivo e ximnasios, INEM, Unidade básica de acción social...

O plan dixital ven a aportar ao noso proxecto educativo unha **estratexia dixital** de centro, que era practicamente inexistente, co obxectivo de formarnos ás novas modalidades de ensino aprendizaxe, de adquirir unha competencia dixital dentro de todos os sectores da comunidade educativa que nos permitan afrontar os novos retos da sociedade actual respecto a dixitalización. Este plan relacionase, de xeito directo, coa posta en marcha da Aula Virtual (Moodle)do centro e coa formación no uso da mesma.

Este PDC repercutirá na PXA do vindeiro curso 22-23 xa que a idea de levar a cabo unha serie de accións encamiñadas á mellora da formación dixital, o que se vera reflectido nas programacións didácticas e no uso da Aula Virtual do Centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que rexe na elaboración e seguimento deste PDC á que faremos mención é a que segue:

- **Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación**

Atendendo a esta normativa o Art. 111 bis fai referencia as TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. No seu pto. 2 di “*Os entornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen nos centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán a aplicación de plans educativos específicos deseñados polos docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo e deberán contribuír á extensión do concepto de aula no tempo e no espazo [...] permitir aos alumnos e alumnas o acceso dende calquera sitio e en calquera momento, aos entornos de aprendizaxe dispoñibles nos centros docentes nos que estudan, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos persoais. Asemade promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e entornos virtuais de aprendizaxe*”.

Tamén no pto. 5 debemos ter en conta o que di en canto a que “*as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das TIC na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe...*”

Xa no pto. 6 deste artigo recóllese que “*O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas*”. Aquí enmarcaríanse o SELFIE e o Test CDD

Deste xeito nos temos que basear tamén no Art. 121 onde se especifica “*que o Proxecto Educativo de Centro, recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro de acordo ao establecido no Art. 111 bis.5.*”

Facemos tamén referencia ao Art. 132 onde se recollen as competencias do director ou directora xa que en varias delas se lle fai responsable da promoción da innovación educativa impulsando plans para o consecución dos fins do Proxecto Educativo do Centro no que agora se inclúe este PDC.

- **Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022**

“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten”

- ***Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022***

“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten”

- ***Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022***

Esta resolución é a que determina os principios, obxectivos e referentes para a elaboración do Plan Dixital, así como o procedemento de deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital marcando as directrices a seguir e os prazos a cumprir.

1.4. Proceso de elaboración

O equipo de Dinamización do Plan Dixital do noso centro está composto por profesorado das distintas etapas educativas (infantil, primaria, secundaria e FPB) e polo director do centro. Nun primeiro momento, o director nomeou dentro do equipo ao coordinador que tivo que rexistrarse na aula virtual do equipo ADIX Vigo 2 baixo a coordinación de D. José Jorge Vaz Veiga. As diferentes etapas para a elaboración foron as seguintes:

- 1º- Elaboración do SELFIE.
- 2º- Elaboración do Test CDD.
- 3º- Análise dos datos e reflexión.
- 4º- Elaboración do DAFO.
- 5º- Reunión xunto co equipo TIC para consensuar a realización do Plan de Acción.
- 6º- Realización do Plan de Acción.
- 7º- Elaboración do PDC versión 1.0.
- 8º- Presentación e aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta coas seguintes infraestruturas dixitais:

- Conectividade a internet mediante WIFI, e acceso remoto ao servidor propio.
- Conectividade por voz: telefonía nos postos de administración, secretaría, dirección e xefatura de estudos.
- Equipamento:
- Existen 16 aulas dixitalizadas.
- Existen catro postos de traballo de xestión e administración do centro (dirección, xefatura de estudos, secretaría e administración)
- Na biblioteca hai un equipo que é empregado polo profesorado para diversas tarefas e está conectado coa impresora do centro.
- Na sala de profesorado contamos con un posto de PC conectado tamén coa impresora do centro.
- Todo o persoal do centro (profesorado, dirección, xefatura, secretaría e administración) conta cunha conta de correo corporativo do propio centro(conta@colegiosanjosedelaguia.com)
- O departamento de orientación conta cun equipo de sobremesa conectado a impresora do centro.
- Na aula de informática contamos con 20 equipos que son empregados polo alumnado de FPB de informática e comunicacións .
- O centro comprou 5 portátiles, cos que se fai préstamo ao alumnado en situación de fenda dixital, ou que ben se empregan como apoio en caso de ser necesarios (profesorado ou en aulas).

Contamos co asesoramento dunha empresa externa que nos axuda co mantemento informático. Así mesmo a UAC asesóranos en cuestións relacionadas co XADE.

- A web do centro, Abalar, Aula Virtual e demais servizos dixitais educativos son xestionados dende o propio centro coa colaboración do CFR para as formacións que se poidan precisar.

A través da WEB do centro difúndese toda a información que poida ser de interese para a comunidade educativa, reforzando este servizo co uso do Espazo Abalar.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A continuación, incluímos o **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7	4		2.8	
	Profesorado	3	3		3.1	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3	3.3		2.7	
	Profesorado	2.6	2.3		2.9	
	Alumnado	4.1	3.4		3.9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	3.8		3.5	
	Profesorado	3.5	3.2		3.8	
	Alumnado	4.4	3.1		3.8	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3	3.3		3.3	
	Profesorado	3.1	2.8		3.7	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.8	3.5		3.8	
	Profesorado	4	3.8		4.5	
	Alumnado		3.7		4.5	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8	2.8		2.7	
	Profesorado	3.1	3.3		4.1	
	Alumnado	4.1	3.1		4.3	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2	2.5		2.9	
	Profesorado	2.6	2.8		3.4	
	Alumnado		2.5		3.8	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.2	3		3	
	Profesorado	2.9	3.6		4	
	Alumnado	4.4	3.3		4	

Test CDD: incluímos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	23	33	69,7%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESAPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	67,5	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	69,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	84,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
F.P.	98,1	Experto/a (B2)	80,3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	8	33,3%
B1	10	41,7%
B2	5	20,8%
C1		
C2		
TOTAL	23	95,80%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Bo acceso a internet. Contratación de empresa externa de asistencia técnica. O profesorado pode acceder dende a súa casa ao servidor do centro. Aula virtual propia (moodle). Ordenador e canón en todas as aulas. 	<ol style="list-style-type: none"> Equipos con moitos anos Traballadores/as pouco formados en cuestións de protección de datos
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Na etapa de ciclos superiores da FP teñen unha competencia dixital superior ao da media. 	<ol style="list-style-type: none"> Pouca formación en TAC Pouca colaboración interprofesorado. Escaso debate sobre o uso da tecnoloxía. Uso de metodoloxías tradicionais e acomodación.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Nativos dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de dispositivos dixitais para o aprendizaxe. Inconsciencia no uso indiscriminado e na exposición de datos persoais.

	FAMILIAS	1. Todas teñen un dispositivo móbil co que acceder a rede.	1. Diferentes niveis de competencia dixital. 2. Poder adquisitivo baixo.
	OFERTA		1. Reticencia dalgún profesorado ao uso de novas modalidades de ensino. 2. Falta unha estratexia dixital de centro ben organizada. 3. Falta de tempo para explorar e formar un banco de recursos dixitais a nivel centro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Disposición do equipo directivo para o deseño dunha estratexia dixital.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Plans de formación e dotación dixital.	1. Exceso de burocracia.
	LEXISLACIÓN	1. Oportunidade de mellora coas subvencións para dixitalizar empresas.	1. A lexislación non ten en conta a formación do profesorado, dificulta a coordinación. 2. Complexidade para a aplicación rigorosa da lexislación da protección de datos.
	CONTORNA		1. Centros educativos con maior capacitación dixital e maior oferta.
	ANPA	1. Ofertan actividades extraescolares relacionadas coa adquisición de competencias dixitais.	
	OUTRAS ENTIDADES	1. Colaboración coas empresas coas que temos convenios no módulo de FCT da FP.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos, indicadores e accións a levar a cabo, así como as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas recóllense nas seguintes táboas:

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Colaboración e Redes [Tipoloxía de centro: 1-2-3 (todos os centros)]						
OBXECTIVO 1:	(B1) Acreditar unha competencia dixital dentro do claustro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo. Coordinador do PFPP (en colaboración co CFR).				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel do profesorado.					
Valor de partida (3)	Nivel do profesorado baseado no Test CDD do curso 21-22.					
Valor previsto e data (4)	Nivel do profesorado ao rematar o curso académico 22-23.			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO.1.1. Reunión inicial do claustro e Equipo Directivo para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente.	Equipo Directivo.	Setembro.	Espazo para a reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.1.2. Preinscripción nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado.	Equipo directivo. Coordinador do PFPP.	Outubro.	FProfe e formularios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.1.3. Inscripción oficial na liña do PFPP	Equipo directivo. Coordinador do PFPP.	Outubro.	FProfe e formularios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO.1.4. Contacto co CFR para buscar relatores que se adecúen ás necesidades	Coordinador do PFPP.	Segundo trimestre.	Directorio do CFR.		Realizada	
					Aprazada	

detectadas.					Pendente	
AO.1.5. Realización do PFPP e valoración final deste ao seu remate co fin de plantexar melloras para o vindeiro curso.	Claustro.	Terceiro Trimestre.	Materiais funxibles. Relatores do CFR. Aplicacións, webs...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A O.1.6. Realización do Test CDD para comprobar se houbo mellora na competencia dixital do profesorado tras a realización do PFPP.	Claustro.	Xuño.	FProfe e Test CDD.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO (DCP)						
OBXECTIVO 2:	Empregar os libros de cualificación en entornos Moodle				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección. Profesorado implicado. Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de cursos con libro de cualificación dixital en entorno Moodle configurado por avaliacións e categorías amosado ao alumnado.					
Valor de partida	Cursos Moodle creados con alumnado matriculado en eles. Non se traballa con avaliacións e categorías nos libros de cualificación dos cursos					
Valor previsto e data	20% das materias amosan o libro de cualificacións configurado por avaliacións e categorías en Moodle.			Curso 2022/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1. Matrícula do alumnado na AV Moodle do centro.	Coordinador/a Moodle	Setembro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2. Creación de cursos na AV Moodle do centro para alumnado P. Supervisión da mesma.	Profesorado das diferentes materias co asesoramento do coordinador/a TIC e supervisión da X.E.	Setembro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3. Creación de categorías (por exemplo, avaliacións) e subcategorías para a xestión de cualificacións	Docentes dos niveis educativos. Coordinadores/as de nivel.	Decembro.	Disponibilidade horaria.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.4. Formación en xestión de cualificación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle.	Coordinador/a do PFPP.	Segundo trimestre.	Directorio do CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.5. Inclusión de tarefas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións. Emprego real co alumnado.	Coordinador/a TIC.	Terceiro trimestre.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: DESARROLLO PROFESIONAL CONTINUO (DCP)						
OBXECTIVO 3:	Utilizar a Aula Virtual ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección. Profesorado implicado. Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de probas creadas en entorno Moodle.					
Valor de partida (3)	Cursos Moodle creados con alumnado matriculado. Emprego de probas residual.					
Valor previsto e data (4)	Creación de diferentes probas coas ferramentas da AV			Curso 2022/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1. Matrícula do alumnado na AV Moodle e/ou Edixgal do centro.	Coordinador/a Moodle	Setembro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2. Formación sobre probas en Aula Virtual para avaliar ao alumnado: Tipoloxía de preguntas. Bancos de preguntas. Categorías e subcategorías. Importación e exportación. Creación e xestión de probas.	Coordinador do PFPP/Coordinador/a TIC. CFR	Outubro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3. Creación de preguntas de diferentes tipoloxías e categorización das mesmas en bancos de preguntas dentro dos cursos.	Profesorado.	Novembro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.4. Creación de probas en entorno Moodle	Profesorado.	Decembro.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5. Emprego das ferramentas de avaliación da Aula Virtual na práctica.	Profesorado.	Segundo e terceiro trimestre.	AV Moodle.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Descríbense as necesidades que se teñen localizadas no centro, concretando o número e tipo de equipamento , a súa ubicación e unha xustificación da súa petición.

Equipamento	Ubicación	Xustificación
25 PC sobremesa	Aula informática	Antigüidade superior a 10 anos. Obsoletos.
3 PC sobremesa	Sala profesores	Dispomos dun único posto.
4 PC sobremesa (alumnado)	Biblioteca	Non existen postos para o alumnado.

4. Avaliación do plan

A avaliación levarase a cabo do seguinte xeito:

AVALIACIÓN PROCESUAL : avaliarase cada acción de modo trimestral ou de ser o caso na data prevista de consecución si esta é previa ao fin de trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

AVALIACIÓN FINAL: a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano (MES DE XUÑO). Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital será aprobado polo Claustro de profesores e polo Consello escolar, e posteriormente será difundido, á maior brevidade, a través da WEB do centro. Esta difusión realizarase cada vez que o PDC sexa modificado.